

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA E O
CONCELLO DE VALGA PARA A PREPARACIÓN E DECORACIÓN DO TEITO DO
BELÉN ARTESANAL DE VALGA**

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A xerente de Turismo de Galicia

DECLARA:

Que esta Axencia Turismo de Galicia ten previsto formalizar co concello de Valga o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a súa sinatura ata o 31 de outubro de 2016.

Que o instrumento convencional ten por **obxecto**:

A colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e o concello de Valga para a preparación e decoración do teito do Belén.

Este Belén é un dos acontecementos sociais e culturais máis importantes e esperados do ano, e non xa só para os valgueses, senón tamén para milleiros de persoas que deciden trasladarse dende diferentes puntos de Galicia e mesmo de outros puntos da xeografía nacional.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:

Primeiro.- Que a Axencia Turismo de Galicia é o órgano ao que lle corresponde o exercicio, entre outras, das competencias en materia de promoción e ordenación do turismo dentro da comunidade.

A Axencia Turismo de Galicia ten entre os seus obxectivos básicos levar a cabo accións de potenciación de recursos turísticos, polo que, entre as súas prioridades, está a de contribuír á realización de actuacións que impliquen a consecución deste obxectivo.



Segundo.- Que o Belén Artesanal en movemento de Valga conta cunha antigüidade de 20 anos, sendo unha das composicións de Nadal máis espectaculares de Galicia, non só polas súas dimensións, xa que ocupa máis de 350 m2 en dous niveis e conta con máis de 3.000 figuras, senón porque non se limita a recoller as escenas típicas da tradición relixiosa; senón que estas encádranse nunha típica aldea galega, neste caso Valga coa recreación das súas paisaxes, monumentos, prazas, etc.. e dentro dun contexto no que se recrean os acontecementos máis emblemáticos do ano en curso, tanto local, autonómico, nacional ou mesmo internacional.

Ano a ano non só vai aumentando o número de visitantes na época de Nadal cando o Belén permanece aberto a diario, senón tamén ao longo de todo o ano xa que son innumerables os centros educativos, asociacións culturais, de mulleres rurais, de discapacitados, de amas de casa, etc..que concertan visitas para ver o Belén, incluso son moitas as casas de turismo rural da zona e axencias de viaxes que ofertan esta visita nos seus paquetes promocionais.

No ano 2013 a Xunta de Galicia recoñeceu este Belén como de interese turístico o que non fixo máis que aumentar a popularidade e incrementar o interese polo público en xeral en visitalo. Este recoñecemento fai acrecentar o compromiso por superar e sorprender cada ano a todos os visitantes e marcar novos retos para facelo aínda mellor.

No ano 2015 e grazas a colaboración da Axencia Turismo de Galicia coa concesión dunha subvención directa ampliouse o local, así como se lle deu un cambio radical ao belén, tanto na decoración, como na presentación, e fundamentalmente na seguridade no que atinxe a parte eléctrica, resultando necesaria a preparación e decoración do teito do Belén, que require, pola súa complexidade, a intervención de expertos. Preténdese a realización dunha obra mural en spray no teito do Belén.

Terceiro.- Os artigos 193.1.b. e 195.h. da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia establecen que as entidades locais galegas e a Xunta de Galicia axeitarán a súa actuación ao principio de colaboración mediante a subscrición de convenios. A tal efecto, as partes intervenientes acordan unir os seus esforzos para acadar o obxectivo sinalado. Por iso, e a fin de levar adiante o proxecto de preparación e decoración do teito do citado Belén, é necesaria a concorrencia de medios e achegas de ambas as dúas partes interesadas, polo que é preciso determinar o contido de dita cooperación.



Cuarto.- A través deste convenio, outórgase ao Concello da Valga unha subvención directa en virtude do disposto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, polas razóns de interese público, social, económico e humanitario expostas nos puntos anteriores e que dificulta a súa convocatoria pública, de conformidade co previsto no artigo 26.2a) da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Quinto.- Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela
A xerente de Turismo de Galicia

M^a Elena Barca Ramos

